

Plaza número: 23/23001

Número de plazas: 1

Categoría: Asociado/a Tipo I

Dedicación: Parcial P03

Área de conocimiento: Enfermería. Área Funcional de Terapia Ocupacional

Departamento: Ciencias de la Salud

Docencia: 653G01307 Estancias Prácticas V

(ámbito de la salud mental)

Centro: Facultad de Ciencias de la Salud

Vista la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 6 de marzo de 2024, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. DANIEL RAMOS VEIGUELA**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

La vicerrectora de Profesorado por delegación del rector

(RR 16/01/2024)

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	ujI/lvXOEseFjIoYUu9F7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	14/03/2024 10:14:30
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ujI/lvXOEseFjIoYUu9F7Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 6 de marzo de 2024, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 23/23001

Categoría: Profesor/a asociado T1

Área de Coñecemento: Terapia Ocupacional

Departamento: Ciencias da Saúde

Docencia: 653G01307 Estancias Prácticas V (desenvolvidas no ámbito da Saúde Mental)

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

A Comisión de Reclamacións tras analizar o contido da reclamación presentada por Dona Alba Vila Paz, a documentación da praza e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza do día 21.02.2024, estima axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección dado que a reclamante non acredita o desenvolvemento da actividade profesional como terapeuta ocupacional.

Acórdase a incorporación do informe da Comisión de Selección do día 21.02.2024 á publicación da resolución do concurso.

A Coruña

Código Seguro De Verificación	FdCyG1RHBeVVS7yjpEYyg==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Firmado	11/03/2024 14:07:35
Observaciones		Página	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FdCyG1RHBeVVS7yjpEYyg==		
Normativa	Este informe tiene carácter de copia electrónica auténtica con validez y eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Ley 39/2015).		



INFORME DA COMISIÓN XULGADORA DA PRAZA 23/23001 Á RECLAMACIÓN Á RESOLUCIÓN PRESENTADA POLA CANDIDATA ALBA VILA PAZ

A comisión encargada de xulgar a praza 23/23001 reunida o día 21 de febreiro de 2024 ás 9:00 h acorda por maioría emitir o seguinte informe en resposta a reclamación presentada:

1. Perfil profesional e cumprimento de requisitos laborais:

A candidata presenta un contrato laboral coa Fundación Universidade da Coruña no que consta: *“El/la trabajador/a prestará sus servicios como (3) PROFESORA, incluído en el grupo profesional de INSTRUCTORA, para la realización de las funciones (4) PROFESORA de acuerdo con el sistema de clasificación profesional vigente en la empresa”.*

A comisión estima que esta circunstancia pode considerarse como motivo de exclusión para ser contratada como profesora Asociada T1, en cumprimento do artigo 79 da LOSU, que na sección a específica: *“Las universidades podrán contratar bajo esta modalidad a especialistas y profesionales de reconocida competencia que acrediten ejercer su actividad principal fuera del ámbito académico universitario cuando existan necesidades docentes específicas relacionadas con su ámbito profesional”.*

Segundo consta na páxina web da Universidade, Espazo Compartido é un título propio da Universidade da Coruña, e a candidata posúe un contrato como Profesora. Ante esta circunstancia a maioría da comisión considerou que non desenvolve unha función fóra do ámbito académico universitario, como especifica a LOSU.

Ademais, o baremo da praza en concurso 23/23001, publicado o día 6 de febreiro de 2024, establece no apartado VI.1 que se *“considerará relevante a actividade profesional desenvolvida como terapeuta ocupacional no ámbito de saúde mental”.* O contrato facilitado pola candidata non permite corroborar que

Código Seguro De Verificación	tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Departamento Ciencias da Saúde - Carolina Rosende Bautista Juan Manuel Vilar Fernández	Asinado	22/02/2024 00:30:27 21/02/2024 21:38:09
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



o seu traballo se desenvolva como terapeuta ocupacional no ámbito da saúde mental, posto que no contrato de traballo se especifica que levará a cabo labores de profesora.

A comisión valorou o anexo do contrato de traballo presentado, no que consta: *“A traballadora presta servizos no programa Espazo Compartido. Este título propio formativo da Universidade da Coruña inclúe servizos enmarcados no ámbito pedagóxico e de educación social, no ámbito da psicoloxía e de orientación e no ámbito da terapia ocupacional”*. Enténdese que esta estipulación define a finalidade do programa/título propio de Espazo Compartido, e non a labor que realiza a candidata como traballadora. Os datos que constan na documentación presentada neste bloque VI non permiten diferenciar que a labor que se realiza baixo esa figura contractual é específica de terapeuta ocupacional no ámbito da saúde mental (ou de calquera das outras profesións ou títulos mencionados nas estipulacións deste anexo ao contrato de traballo).

2. Normativa e lexislación aplicable:

A comisión coñece e apoia as funcións das/os profesionais de Terapia Ocupacional explicados pola reclamante neste punto, mais entende que:

En primeiro lugar, non resolve o punto 1 do proceso selectivo, posto que o seu contrato de traballo está vinculado a funcións docentes nun título propio da UDC.

En segundo lugar, as tarefas que constan como segunda estipulación vinculadas ao cobro dun plus por realizar funcións de responsabilidade de “promoción da autonomía persoal”, que se poderían interpretar como labor asistencial de terapeuta ocupacional e que poderían considerarse como relevantes para o perfil da praza en concurso, teñen efectos desde o 15/10/2023; non cumprindo o tempo esixido nas prazas de profesorado asociado.

3. Contrato laboral e funcións desempeñadas:

Código Seguro De Verificación	tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Departamento Ciencias da Saúde - Carolina Rosende Bautista	Asinado	22/02/2024 00:30:27
	Juan Manuel Vilar Fernández	Asinado	21/02/2024 21:38:09
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Analizada a explicación da candidata respecto a este apartado, a maioría da comisión entende que o documento de traballo oficial (mérito número 24), que se presenta asinado especifica as labores que desenvolve:

“El presente contrato indefinido está vinculado al proyecto denominado ‘Programa formativo espacio compartido’, y las tareas a desarrollar por la trabajadora serán las siguientes:- Impartición de docencia nas materias asignadas do programa espacio compartido.- Tutorización individualizada dos estudantes do programa.- Funcións de coordinación co equipo docente e dirección do programa.- apoio nas tarefas de acompañamento laboral dos estudantes do programa- Revisión e peche das avaliacións e curso académico”.

Posteriormente preséntase un documento adicional, non asinado na documentación á que pode acceder a comisión, co título “Certificado de desempeño de funcións como terapeuta ocupacional” (mérito número 24), onde a directora do título propio fai constar outra información sobre as funcións da traballadora, que ao non estar asinada non se considerou. Aínda tendo inicialmente a voluntariedade de atender a este documento, a maioría da comisión entendeu que as funcións dun traballador/a se concretan no seu contrato de traballo, folia de servizos ou certificado de funcións da empresa, tal e como consta na normativa de selección de profesorado da UDC.

4. Inconsistencia na valoración de méritos:

Seguindo a normativa de selección do profesorado da UDC, no baremo publicado o 6 de febreiro de 2024, se estableceron os criterios para a valoración dos diferentes méritos presentados. Estes méritos foron valorados de forma consistente para todas as persoas candidatas, aplicando a normativa e o baremo aprobado e publicado.

Na valoración dos méritos docentes, a candidata foi avaliada coa puntuación adecuada no bloque III.2, correspondente á titorización de TFGs e TFMs.

No bloque VI.2, correspondente á titorización de prácticas externas en diferentes graos universitarios dentro da UDC, otorgouse a puntuación marcada pola

Código Seguro De Verificación	tyZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Departamento Ciencias da Saúde - Carolina Rosende Bautista Juan Manuel Vilar Fernández	Asinado	22/02/2024 00:30:27 21/02/2024 21:38:09
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tyZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



normativa, valorando todas as horas presentadas como titora, tanto no Grao en Educación Social, como no Grao en Terapia Ocupacional.

Como reflexión xeral as terapeutas ocupacionais que forman parte da comisión, comparten a súa preocupación ante a posibilidade de validar dende o ámbito da contratación universitaria, que se poidan exercer funcións de Terapia Ocupacional con contratacións laborais en figuras/categorías distintas ás do propio título.

Atendendo a esta reclamación e as respostas aportadas neste escrito, a comisión xulgadora da praza 23/23001 acordou por maioría non atender á solicitude da candidata Alba Vila Paz e manter a proposta publicada o 16 de febreiro de 2024.

En A Coruña, 21 de febreiro a 2024

O presidente
Juan Manuel Vilar Fernández
Bautista

A Secretaria
Carolina Rosende

Código Seguro De Verificación	tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Departamento Ciencias da Saúde - Carolina Rosende Bautista	Asinado	22/02/2024 00:30:27
	Juan Manuel Vilar Fernández	Asinado	21/02/2024 21:38:09
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tYZtQdRtxBZhVtGvn4hz2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

